



V

Odas

de Afonso de Almeida

Traducidas ao gallego

por

Florencio Vaamonde



A CRUÑA
Emprenta e librería de Carré
1897






M. 14592

6/67

ODAS DE ANACREONTE

Do fr. D. franc. Badenes
Adman, distinguib poete,
amorhe da uns amfala
inideas de
flor. Varnonde

a Graná, 31 ago. 1897.



R.511

ODAS

DE

ANACREONTE



VERSION GALLEGA


DE

Florencio Vaamonde



A CRUÑA

1897



ADICACIÓN




R. 14590

À


Manuel Curros Enríquez


Desde que se me puxo na
idea o facer unha tradución
das **Odas** do lírico leiano
en verso gallego, entendín
que era, non galantería, se-
nón un deber, o consagrala
ao millor dos amigos e ao
mais grande dos nosos mes-
tres, na confianza de que
se dinaría o acoller beni-
uamente un traballo que,
ainda que humildoso, é fei-
to en pro da renascencia li-
teraria d'esta adorable terra,
da que é vosté fillo amante
e predileito.

Florencio Vaamonde.



PROEMIO





PROEMIO

ANACREONTE, un dos primeiros liricos da Grecia, nasceu en Teos, na Jonia, sobre do ano 560 antes de Jesucristo, de unha nobre familia que contuba entre os seus individuos ao celebre legislador Solon.

Fugindo da tirania dos persas, ainda rapaz, marchou á cidade de Abdera, fundada ou repovoada polos seus paisanos, onde encomenhou a se dedicar á poesia, celebrando nos seus cantos, ao parecer, as glo-

rias e desditas da sua patria. Non parou ali moito tempo, porque logo aparece en Samos onde gobernaba Policrates, amigo das bellas letras e proteitor dos sabios.

Ali brilhou Anacreonte, e agradecido ao tirano pol-as atencions que lle dispensava, dedicoulle a maior parte das suas preciosas cancios, e celebrou as galas e recreos da sua corte, e a gracia e a formosura dos garridos mancebos que o servian: Esmerdis, de rizada cabeleira; Bantilo, o doce frautista; o tenro Cleobulo; o amabre Meguisto e o alegre Leucaspis, que son à reo citados por él nos fraimentos que se teñen por verdadeiros.

À morte de Policrates, en 522, regia os destinos de Atenas, Hiparco, admirador de Anacreonte, cuia amistade buscaban os mais podei-

rosos príncipes, e o poeta, chamado por él, marchou á Atica nunha galera de 50 remos que para este objeto punhera á sua disposición, e de novo fixo vibrá-las cordas da sua lira.

Din algúis que Anacreonte estuvo en Atenas sete anos somente, e que despois volteu á Teos onde pasou tranquilamente o resto dos seus dias, entregado á contemprar os bellissimos panoramas do mar Egeo e á celebrar en inspirados cantos os praceres que fan agradable a vida, desafiando aos rapaces á beber e bailar, engañando as horas tristes da avanzada idade. Referen outros que os soberanos da Tesalia, proteidores tamén das artes e das letras e hospitalarios como poucos, atraerón ao poeta á capital dos seus estados, e que mais tarde, can-

do a Jonia se rebelou contra dos persas opresores, foi cando retornou Anacreonte à sua patria; pero que tendo que emigrar novamente refujouse en Abdera onde finou, sendo mui velho, en 475, afogado por un rago de uca que non pudo pasar.

Deixou cinco libros de poesias que comprehendian jambos, elegias, himnos, canciões e epigramas, das que non chegaron à nos mais que unha pequena e mutilada parte, da que a maioria é de dudosâ autenticidade, por se crér obra de época alexandrina e de outras posteriores; pero que moitas delas son de gran mérito, e así se esprica o seu extraordinario éisito e o que sejan tan comentadas, traducidas e imitadas.

O elogio do amor, a formosura


*da primavera, a tida prácida, as
dosuras de Baco, a felicidade dos
soños, a juvenil frescura da vellés,
o desprecio das riquezas, e pareci-
dos asuntos, son os que se celebran
nas encantadoras composições de
Anacreonte; pero con tanta senci-
llés e graciá, que cautitan e impre-
sionan docemente o ánimo de quen
as lê. Non é, pois, de estrañar os
escepcionás honores que o autor
mereceu: grabouse seu nome nas
moedas, erguéuselle unha estatua
na acrópolis de Atenas e outra en
Teos; e así como as artes lle ren-
deron tributo, a posteridade gárda-
lle louvores e multiplica as edições
dos seus cantos.*


*O noso idioma carecia da «bella
obra das Gracias», e o desejo de do-
tar co ela á patria literatura mo-
reu-nos á facermos esta humildosa*

*trasladación, para continuar, se
ben con menos competencia, a sen-
da tan nobremente trazada co a
versión de outros clásicos por Mos-
quera, Saco Arce e Ballesteros. Sir-
va esto de disculpa ao noso atrevi-
miento e ás deficiencias que se no-
ten neste pequeno ensaio.*



O D A S






I

À SUA LIRA

Quero cantar dos Atridas,
Quero de Cadmo cantar;
Pero só doces amores
Miña lira quer soar.

Lle arremudo as cordas todas,
Cantar de Alcides pretendō;
Mais ela fan só de amores
Intérprete sigue sendo.

Héroes, adiós para sempre:
A gloria ja non me inspira,
Que á cantar tan só de amores
Consagrouse a miña lira.



II


DAS MULLERES

A sabia Natureza
Cornos ao touro deu,
Duro casco ao cabalo
Formoulle para o pé;
Para a carreira pronta
Á lebre preparou,
E con furna de dentes
E audas fixo ao león.

Deu áas aos paxáros,
Aos peixes nadadeiras,
E para o home tuvo
Valor e inteligencia.

Deixou para as mulleres
Beldade reservada,
Que è don de mais valia
Que escudos e que lanzas.

Así se ve que ao fogo
E ferro mais temprado,
Unha formosa vence
Con solo os seus encantos.



III

AMOR MOLLADO

De noite cando leva
O giro preguiceiro
A Osa para o Boeiro
Con pálido fulgor,
E os corpos ja cansados
Doce o sono conforta,
Soíño á miña porta
Se ven e peta Amor.

—¿Quén peta, berro, e quere
Turbal-os soños meus?

—Non temas, ¡Ai! por Deus
A porta ábre-me ja.

Un neno son, perdido,
Que o camiño n'acerta.
Da-me ¡ai! casa cuberta,
¡Ai! abre por piedá.

Cansado estou, que errante,
C'o horror da noite escura,
Andei, tan sen ventura
Que albergue non achei.

Estando en descampado
Á chuvia que caía
Fugirle non podía
E todo me mollei.—

Compadecido, acendo
A lus, abro, e un alado
Neniño vejo armado
Con areo e con carcás.

O poño ao nor do lume,
Lle enxugo o cabeliño,


E tempro con cariño
Co'as miñas as suas mas.

Non ben botado o frío,
—Probemos se s'estende,
Se a auga a corda ofende,
Probemos se o arco val.—

Así dicindo, crudo,
A man no arco poñendo,
A corda lle estendendo,
Solta a seta fatal.

A punta entrou acerba
No medio do meu peito;
Él brinca satisfeito,
E, rindo, me falou:
—Alégrate, mēu hóspede,
Que sano è o arco meu,
A par que o peito teu
Atopo que enfermou.





IV

DE SÍ MESMO

Sobre mirtos, sobre lotos,
E moles e verdes herbas,
Quero beber, recostado,
Do viño que vello seja.


Pon o manto sobre o hombro
C'un ñudo que cho sosteña,
Ai, Amor, e mentres canto
De copeiro meu te veja.

Qu'esta humana vida foge
Como roda que voltea,
E á os desgonzados osos
Triste cova lles espera.

¿C'os bálsamos, recendente
Tornal-a tumba, e a rega
De tanto licor que val
Se de todo nada queda?

¿Non è millor que de rosas
Me engrinaldel-a cabeza,
E, diligente, me traias
Unha nena feiticeira?

Que antes d'ir á mesturar-me
C'os que está comendo a terra,
Afugentar ¡ai! Cupido
Quero cuidados e penas.



V


DA ROSA

A rosa dos amores
Mescremos á Lieo,
Bebamos e de rosas
A testa engrinaldemos.

A rosa é de Abril gala,
Dos numes o contento,
Co'ela soe adornarse.
Cupido o brondo pelo

Cando a bailar co'as Grazas
Acode pracentciro.

Se ques cinguir-me, oh Baco,
De rosas, no teu templo
Con hinnos á ensalzar-te
Verán cal marcho presto,
E como engrinaldado
De rosas por tí mesmo,
Saco á bailar rapazas
Das de abultado seo.



VI

O CONVITE

C'os cabelos ornados
De rosas purpurinas,
As copas valeiremos
Con gozo e con sorrisas.
No chan o pé de leite
A moza mais garrida
Ela bate, e c'o plectro
Alegres còros guia.

Leva seu tirso a hedra
Girando desprendida,
E un louro mancebiño
Fai resonal-a lira
Cantando meiguiceiro
Con unha vos divina.

Namentres o bon Baco,
Amor e a díosa Cipria,
Presencian o convite
Que è da vellés delicia.



VII

DO AMOR

Cupido fostregándome
Con vara de jacinto,
Obrigame á que corra,
A que o vaia seguindo,
E vales e torrentes
Cruzando me fatigo,
Cando da Iría cobra
Travada aguda sinto.

A fera dor me apreta,
E o corazón, latindo,
O fai con tanta forza
Que á morte me aviciño.

Enton, leve, rozando,
Co'as áas suas Cupido
Na miña frente e vendo
Que me atafega, dixo:
—É en van, Anacreonte,
Amar non podes, fillo.




VIII

DE UN SOÑO

Envolto en espesas sombras
Unha noite que eu durmia
Sobre vermellos tapices,
C'o duzor que o mosto ispira;
Soñara que, alegremente
Entre un fato de mociñas,
Retouzando me atopaba
E moito me adivirtía,

E que unhos rapaciños
Mais lindos que Baco ainda,
Invejosos, mil injurias
Por elas de mí dicían.

Non lles dou afecto e mentres
Ás mozas, con ardentía,
A vical-as nas meixelas
Todo apresurado eu iba,
Acordo e me desparecen
As images que antes vía,
E desejos de outro soño
Naqué'l istante me viñan.




IX


A UNHA POMBA

—Amabre pomba, dime,
¿De onde ves de tal geito
Que os ares vas deixando
Ao paso recendendo?
¿Quén te coida? ¿A quén sirves
Con cariñoso celo?
—Anacreón ordéname
Levar mandados seus

A Batilo, que goza
Do general afecto.
Donou-me Citera,
Por hinnos, á él en premio,
E en todo ó que lle prace
Gustosa lle obedezo.
D'él agora unha carta
Aqui vede que levo.
Da libertade á volta
Me fixo juramento,
Mais do seu lado nunca
Eu apartarme quero.
Así no'irei voando
Por agros e penedos,
Comendo froitas bravas,
Pousando no arboredo.
Cando á mesa se senta
Meu amo, á par d'él mesmo
Me poño e vou furtando
Do pan que está comendo.
Él me apresenta a taza
Onde bebeu primeiro;

Eu bebo, e sacodindo
As prumas ó festejo;
Co'as miñas tenras áas
Dou sombra aos seus cabelos,
E logo na sua lira
Me pouso e me adormezo.
Adiós. Ja dixen todo,
E que locuas por certo
Moito mais que unha gralla
Tí fúche-me volvendo.






X

O CUPIDO DE CERA

Un lindo amor de cera
Vendía un mozo,
Ao vendedor cheguei-me,
E, con bon modo,
Canto por él quería
Preguntei logo.
—O que tí me dar queiras,
Díxo-me en dórico,

Porque non son cereiro,
E me recordo
Que este Dios eu mercara,
Á verdá, solo
Pol-o gusto de tel-o,
Non por negocio.
— Por qué, pois, de ó vender
Estás ansioso?
— Por botar da cas fora
Neno tan tolo.
— Da-mo, pois, nunha drama,
Reprico ao mozo,
E comigo me levo
O Dios formoso.
— Cupido, escoita agora,
Me inframas todo
Na labareda tua,
Ou ben te boto
Para que te derretas
Dentro do fogo.



XI


DE SÍ MESMO

—Anacreonte, ja vas vello,
Verás que calvo te atopas
Se te miras nun espello.

As nenas así me dín,
Mais eu o ver non procuro
Se o meu cabelo perdín.

E cousa que non me importa,
Porque sei ó que conven
Ao que está da morte â porta,


Que è gozar con alegría,
Mais grande canto mais cerca
Vaia-mos da tumba fria.



XII

A UNHA ANDURIÑA

¿Qué hei de facerche, anduriña,
Para que te esteas calada?
¿As áas che arrincarei,
Ou, seguindo a cruda pauta
De Tereo, cortarei-che
A lingua pra castigal-a?
Porque apenas rómpe o día
A míñ chega a tua chilrada,
E a image do meu Batilo
Dos doces soños me aparta.




XIII

DE SÍ MESMO

Laceirados os nembros corria
Pol os montes da Frigia berrando,
Furibundo á Cibeles chamando
Atis, contan, perdida a razón.

E nas beiras do Claros se atopa
Quen das augas de Apolo bebera
Na parleira fontana e volvera
Agitado de sacro furor.

Eu, c'o seio colmado de Baco,
Coroado de nardo fragante,
Seguir quero nos brazos da amante
Os trasportes do meu corazón.




XIV

DO AMOR

Ja quero amar, ja quero,
Que o cego Dios me manda.
Consello tal non segue
A miña mente iñara;
Mais él, irado, colle
A relocente aljaba,
O arco tende e logo
Provóca-me á batalla.

Un novo Aquiles feito
 Cinguin-me de couraza,
 E sobre d'él me boto
 C'o meu escudo e lanza.
 Él sólta-me as suas frechas,
 Eu revolvía e furtaba
 Os dardos numerosos
 Que sobre míñ descarga.
 Faltoso ja de dardos,
 A última vinganza
 Magina, á míñ se arroja
 Cal frecha, e en míñ se crava.
 O corazón me fere,
 De vida sinto falta,
 Que un gélido tremore
 Os nembros me repasa.
 ¿De qué me val o escudo?
 ¿Qué me valen as armas,
 Se acesa no meu peito
 Fervendo está a batalla?




XV

DE SÍ MESMO

Non de Giges,
O que reina
Sobre Lidia,
As riquezas
Eu cubizo,
Porque inveja
Nunca tuven
Das grandezas,

Nen por ouro
Me movera.
Só desejo
Rosas frescas
Para adorno
Da cabeza;
Para a barba
Rica esencia;
Que o presente
Goces teña.
De hoje solo
Cuidar seja.
¿Hai quen saiba
Con sijeza
O momento
Da hora estrema?




XVI

DE SÍ MESMO

Tí, de Tebas as batallas
Me cantas, outro os estragos
Da troiana guerra; pero
Eu cantar quero os meus laios.

¡Ai! Non trunfaron de mí
Naves, infantes, cabalos,
Senón un escuadrón novo,
As suas frechas me lanzando
Desde os ollos de unha nena
Onde estaba encastelado.






XVII

DE UN VASO DE BEBER

Vulcano, que tan lindos ornamentos
Cineelas de ouro e prata,
Fabrica-me, non elmos nen escudos,
Nen mallas nen courazas,
Que enemigo de guerras eu fun sempre,
Non me gustan batallas,
Senón grande e tan fonda como poídas
Unha soberba taza.

De festivos grabados ma circundas,
Pero non adornada
De astros, costelaciós ne'Oreón sañudo
Que é padre das giadas.
Co as Préiades e Bootes nunca tuven
Nen teño que ver nada.
Pinta n-ela, n-un ben florido solo
De vidres, folla e ramas,
Miña figura, e alegres, esmagando
As uvas na tinalla,
Amor, o bon Lico e mais Batilo
De todos na compañía.



XVIII

DO MESMO ASUNTO

Famoso artista, lábrame de prata
Un vaso de ben fondo e rolocente,
E grába-lle por fora unhos debuxos
Que a estación das rosas representen,
E nada de críuentes sacrificios
Nen sacras pompas d'estrangeiras gentes.
Graba a Diosa do amor que é de himeneos
A autora mais amabre e diligente;

Ao fillo do gran Jove, o bon de Baco
Como do seu licor os vasos enche;
Á sombra de unha parra ben cargada
De follas e de piñas, graba inermes
Cupidos, mail-as Gracias sedutoras,
E de mozos un cerro, e en medio d'eles,
Tainén o roxo Apolo, adivirtíndose,
Gozando dos seus jogos e praceres.




XIX

DO BEBER

Bebe a triste e moura terra,
E cada álbre, cada flor,
Bebe do fecundo humor
Que no seio seu encerra.

Bebe o mar a brisa leve,
E non cesa de beber,
E, á pesar do seu poder,
O Sol mesmo do mar bebe.

Bebe a Lua á lus solar,
E se beber eu desejo,
Meus amigos, ai, non vejo
A razón de mo privar.




XX

A UNHA RAPAZA

Pedra se volveu Niobe
À beira do Xanto un dia,
E Proñe se viu trocada
Tristemente en anduriña.
Así trocarme en espello
Quixería e me mirarías,
Ou en manto trasformar-me
Que as tuas formas velaría.

Para os teus nembros quixera
O ser auga cristalina,
E para os cabelos teus
Fragante ungüento da Siria;
Ou fita para o teu seo,
Que duzoso ó cinguiría,
Ou collar para adornares
A tua garganta tan linda,
Ou ben coturno, que usado
Por teu breve pé seria.




XXI

DE SÍ MESMO

Dádeme, rapazas,
Un vaso ben grande,
Que beber eu quero
Viño hastra saciar me.
Teño tal secura
Que meu corpo langue,
E hastra aquelas flores
Que me regalastes,

Na sen ao poñelas
Parece que arden.
¿Cal será o remedio
Que o meu peito garde
Das chammas que veñen
De amor abrasar-me?




XXII

A BATILO

Séntate, Batilo, á sombra
D'este arboriño de tenros
Ramallos que, docemente,
Bicados son pol-o vento.

A pé d'él un claro río
Murmuroso vai correndo.
¿Quén de largo pasaría
Por un lugar tan ameno?



XXIII

DA CUBIZA

Se o ouro un poder tuvera
Que a nosa vida alongara,
Inda a pena valería
De gardalo con costancia
Para lle ofrecer á Morte
Cando á porta nos chegara;
Pero a vida ¡ai! non se merca
Como as mais cousas humanas.

Se de morrer no'escapamos
Fora o ouro e fora as bágoas!
E mentres a vida dure,
Entre risas e entre danzas,
Brindemos c'os bos amigos
Devotos sempre de Páfia.




XXIV

DE SÍ MESMO

Nascin mortal
E o aspro sendeiro
Da humana vida
Vou recorrendo.
A via andada
Ja ben coñezo,
Mais non ainda
A que andar teño.

¡Penas afora!
Fugí, que eu quero
Antes de à Morte
Pagar lle o débito,
Rírme e gozar
Junto Lieo.




XXV

DE SÍ MESMO

Cando eu bebo adormento os euídados,
E nada me importan
Os quebrantos, fatigas e penas
Que a vida empezoñan.
Dos meus rogos a Morte non cuida,
Ei d'ir ás suas poutas:
¿A qué andare no mundo engañados
Pasando zozobras?

¡A bebere! De Baco deixemos
Valeiral-as copas,
Que bebendo sepultas se quedan
As ánsias nojosas.




XXVI

DE BACO

Cando è que de Baco
Tomado me vejo,
Me libro de penas
E júsgo-me un Creso
Que o canto acompaña
Con áureo instrumento.
D'hedras coroado,
No chan eu me deito

Ja tripando todo
No meu pensamento.
Armai-vos, que brindo.
Dame viño, neno:
Millor è que morto,
Na terra caer ébrio.





XXVII

DE BACO

Cando alegre o seo me invade
Baco, prole alma de Jove,
Todo cuidado remove,
E hastra me insiña á bailar.

Sinto en míñ novo deleite,
Da ibrece amante me torno,
E entre o báquico trastorno,
Cipria e canciós, vou danzar.





XXVIII


O RETRATO DA SUA DONA

Pintor famoso de Rodas,
Hábil e gentil pintor,
Quero retratela bella
Dona do meu corazón.
Ela está longe e non pudo
Vivir sen o seu amor;
Pintame, pois, seus encantos,
Eu che direi cales son.

Os cabelos relocentes
E que boten suave odor,
(S'esto conseguire pode
Da tua arte a perfeición);
Sonrosadas as meixelas,
A frente branca lle pos
E branca, coma o marfil,
Do fino cutis a cōr.
As suas cellas arqueadas;
Breve espacio entre elas pon,
E as meniñas dos seus ollos
Que un doce lume animou,
Graciosamente despidan
Vivas moxenas de amor.
Que teñan o azul de Palas,
Mais a languidés lles pos
Conque embriaga aos celestes
A bella diosa do Amor.
Faille o narís con cuidado,
De rosa e neve llo pon,
Juntando pol-as faceiras
A branca co a rosa cōr.

Os labios ponle sorrindo
Que teñan tal expresión
Que á bical-os nos inciten
Cal se presente ela for.
Bella a garganta lle pinta
Cal a Natura Ila dou,
Mais ao par da barba as Gracias
Veándolle en darredor:
Os seus nemibros delicados
Que teñan por cubrición
Un bello purpúreo peoplo,
Que tal requer o pudor,
Pero descuberta un pouco
D'ela alguna parte pon
Para que o ánimo acenda
A quen tal corpo mirou.

Ai, vejo que comprehendiche
Meu desejo, bon pintor.
Diante de min teño a bella
Dona do meu corazón.



XXIX


AO PINTOR QUE RETRATA


A BATILO

Quero, pintor, un retrato
Do meu amado Batilo:
Á obra vai-te poñendo
E faina cal eu che digo.
Cabeleira relocente
Levando solto algúñ rizo,
Que castaño sea no medio
E pol-as puntas roxiño.

As cellas lle coroando
Os ollos negros e vivos,
E que o cutís da sua frente
Sea mais fresco que o rocío.
O seu mirar entre amabre
E fero, que confundidos
Os corazós deixe sempre
Entre á esperanza e o perigo.
Ponlle a lan cal de pexego
Sonrosada no carrillo;
Roxo do pudor que na alma
Abrindo vai seu camiño.
O labio... Eu non sei como...
Me confundo... desconfio...
Pintallo que seja á un tempo
Silencioso e persuasivo.
O marfilico pescozo
Mais que o de Adonis de lindo,
O ventre coma Lieo,
E que de Hermes o divino
Teña no peito e nas maos
Moitísimo parecido.

Cal as de Polus as conxas,
E sobre d'elas, surgindo,
A pubertade pulando
Ja pol-a nai de Cupido.
Vejo invejosa á tua arte
Porque che vai impedindo
Que o lombo tamén lle pintes
Que é ó que ten de mais bonito.
E os pés?... Pero que é ó que falo?...
Ese Febo que ora admiro
Que para Samos pintache,
Convírtemo nun Batilo
E por él eu che darei
O precio que for pedido;
E se algunha vez á Samos
Ir che cadra, che servindo
Para modelo de un Febo
Atoparás á Batilo.






XXX

O AMOR CAUTIVO

Un dia as Musas ao Amor prenderon,
E con cadeas de fragantes rosas
Atado logo, á Belda entregaron
Presa tan boa.

Afrita Venus, riecos dons promete
Porque á seu fillo en libertade ó poñan,
E á seu suave maternal regazo
Presto lle volva.

Vano é o acordo, traballar inutil,
Amor non quere se apartar da diosa
Que ó ten escravo, e con amabres lazos
Doce aprisoa.




XXXI

DE SÍ MESMO

Deixaime polos Dioses, sí, deixaime
O beber este vaso,
Que quero enlouquecer hoje bebendo,
Moitos tragos botando.
Enlouqueceron Almenon e Orestes
Despois que as nais mataron;
Eu meto o labio no vermello viño
E nunca á ninguén mato,

Por eso quero enlouquecer bebendo,
Moitos tragos botando.
Enlouqueceu á Alcides a cruel frecha
A par do ísiteo arco;
Eulouqueceu á Aiás a eitórea espada
Carraxoso empuñando.
Eu, de flores cinguido, a copa collo
Quimeras mil forjando,
Eu que nen arco teño, nen espada
Pendente levo ao lado,
Enlouquecerme quero c'o bon viño,
Bebendo e recuncando.



XXXII


DOS SEUS AMORES


Se numerar puideche
Algunha ves as follas
Dos álbres, e do Océano
As areias e as ondas;
Atende e vai levando
Dos meus amores conta.

Teño vinte na vila
De Atenas a formosa,

E á eles outros quince
Vai añadindo agora.
¿E quén dos de Corinto
Pode facer memoria?
Son tantos que pra eles
Calquera cifra è boa,
Que na Acaia por fáciles
As damas teñen sona.
Entre as mais bellas teño
En Lesbos e na Jonia
Dous mil, ou mais, contando
C'os de Caria e de Rodas.
Non rematei e vejo
Que a cantidá che asombra,
E eso que ainda falta
A moito fabulosa
Des de Frigia e Canopo
E Creta encantadora,
A Creta onde o Amor sempre
Do seu poder da mostra.
¿A qué, pois, dos de Avila
E Calpe tomar nota,

Nen dos de Bactro e terras
Que forman a India toda,
E que en meu peito viven
E donos d'él se atopan?





~~~~~  
XXXIII

## A UNHA ANDURIÑA

Cada un ano á este chan, cara anduriña,  
Ves á facel-o niño,  
Emprendendo o camiño  
Cando a estación alegre se aviciña;  
E así que chega o tempo da giáda  
Tornas á Egipto a temporal morada.  
¡Ai! En min, con diversas temperanzas,  
Se me aniña no peito  
Sempre Amor, de tal geito,  
Que sen temor aos tempos e mudanzas,  
Atópase tan ben que non me deix'a,  
E nen por frios nen calor se aleixa.

Ali se reproducee con tal forza  
 Que eu todo son amores  
 Que de min son señores.

Un as áas empruma, outro se esforza  
 En picar do seu ovo a casca dura,  
 Que con menos poder outro procura.

No meu peito se oi opiar seguido  
 Que sai de amores tantos:  
 Os que teñen adiantos  
 E desenvolvimento ben cumprido,  
 Aos mais novos, gustosos, van mantendo  
 Dos que, logo, outros mais irán nascendo.  
 Este enxame de amores tanto engrosa  
 Que, por mais que me empeño,  
 Nengún medio ja teño  
 Pra tirar esta carga perigosa.  
 Para fechala toda no meu peito  
 ¡Ai! nen vejo lugar, ne'atopo geito.

XXXIV

A UNHA NENA

---

Ai, miña nena, por qué derramaron  
Anos rebeldes sobre o meu cabelo  
A neve fria, presurosa foges  
D'este feu vello.  
Como na idade juvenil te atopas  
Tregua-ne'un punto das á tens desprecios,  
Sen facer caso de un amor que, ardente,  
Sinto no peito.

Raro capricho te domina a caso,  
Cando desdeñas con un tal despego  
O que se ajunten ás vermellas rosas  
Os lirios bellos.


17002


## XXXV

## DE EUROPA

Ai, neno, aquel branco touro  
É de certo o propio Jove:  
Leva sobre o lombo a virge  
Europa con quen él foge  
Pol-o vasto mar, e as ondas  
Presuroso fende e rompe.

¿Pois qué touro podería  
Fugir da manada longe,  
Cruzando o pélago inmenso,  
Senón él, que tanto pode?






## XXXVI

## DA FELICIDADE

---

As leises non insiñan,  
Ne'ajuda o arte bello  
Do bon dicir á nada  
Que seja de proveito.  
¿Qué utilidá reporta  
Do seu estudo o empeño?  
Millor è quo insiñasen  
A beber viño vello,

E de Cupido e Cipris  
Os jogos e os enredos.  
Pois a senil idade  
Branquea o meu cabelo,  
Con auga e mais con viño  
Deixemos, ai, meu neno,  
As dôres entregadas  
A longo esquecimento.  
Pouco vivir me resta  
E teño de ir muy presto  
A dar á triste cova,  
Que a terra ha de comernos  
E alí a morte fecha  
De todos os desejos.




XXXVII

DA PRIMAVERA

---

Ao vil-a Primavera  
C'o seu duzoso tempo  
As Gracias ja se cinguen  
Con rosas os cabelos.  
Depón o mar a raiba,  
O ganso nada á reo,  
As grullas se encamiñan  
Aos seus nativos eidos,

O sol as negras nubes  
Pesfai e surge espréndido.  
Comezan as faenas  
E o rústico trafego;  
As oliveiras botan,  
E van á un tempo mesmo  
O trigo despuntando,  
As vidres se poñendo  
De follas adornadas,  
Notándose o arboredo  
Que se apresenta todo  
Ja de verdor cuberto.




## XXXVIII

## DE SÍ MESMO

---

Son vello, pero disputo  
No beber a gloria aos mozos,  
E se á bailar me preparo  
Por cetro a botella collo.  
Se è que alguén me desafía  
Non me poño temeroso  
Que basta pra defenderse  
Nestas mas un vaso solo.

Vai, meniño, enchendo a taza  
D'ese viño delicioso  
Que tanto alegra o sentido,  
Pois teño fólgo d'abondo  
Pra con gallardos mancebos  
O competir audacioso  
Nos bailes que eles bailaren,  
Do bó de Sileno ao modo.



XXXIX

DE SÍ MESMO

---


Cando eu bebo de Baco  
O escumante licor,  
Unha grande alegria  
Me toma o corazón  
E das musas os nomes  
Celebro con ardor.  
Asi que bebo viño,  
As tristes africiós

Fogen de míñ c'os ventos  
Que azoute do mar son.

Así que bebo viño,  
O gran tebano Dios  
Circúndame de rosas  
Nun chan que perfumou.

Así que bebo viño,  
De doces ilusiós  
Me atopo dominado,  
De labia e bon humor.

E vou ganando ao menos  
O que á outros arroubou  
A morte, que no resto  
Igual aos mais eu son.



XL

O AMOR

PICADO POR UNHA ABELLA

Quixo collar unha rosa  
Imprudente, Amor, un día,  
Cando lle pica furiosa  
Unha abella que escondía.

Atormentado co a dôr  
Nengún consolo atopaba,  
E tremendo de pavor  
Mui tristemente choraba.

Márchase por fin voando,  
En busca de Venus vai.

—Morro, lle dí soluzando,  
Valédc-me miña nai.

Unha cativa serpente  
Que se chama abella din,  
Nunha man mui feramente  
Me picou. ¡Pobre de mí!

—Se d'abella o aguillón,  
Lle responde, fai penar,  
¿Qué sentirá un corazón  
À tua frecha o traspasar?

XLI

DE UN CONVITE

---


Con alegre rostro  
De Baco cantemos,  
Honrando seu nome, do seu licor sacro  
Gozosos bebendo.  
Autor é de danzas  
E amigo do plectro;  
Do Amor e de Cipris él é partidario  
E bon compañeiro.

Nasce d'él a ibrece  
E as Grazas nasceron:  
De nos bota fora, agiña aleixando,  
Afás e tormentos.  
Asi que a bebida  
Me dan os copeiros,  
Os tristes tumultos, suave adormenta,  
Retorna o sosego.  
Non mais que en bebere  
Desde hoje cuidemos.  
Non mais; desterrados da mente os cuida-  
Que alegra o lamento? [dos  
Beber e non mais  
Tan solo pensemos,  
Qué val a desdita, nen saber quen pode  
O momento estremo?  
De viño saciado,  
De flores cuberto,  
Batendo co a pranta, contento bailando,  
Recorro o terreo.  
A doce compaña  
Das bellas desejo  
E non os cuidados, as ansias nojosas,  
O desasosego.

---

Nosoutros somente  
De Baco cantemos  
Honrando o seu nome, do seu licor sacro  
Gozosos bebendo.





XLII

DE SÍ MESMO


---

Gústanme de Baco  
As alegres danzas,  
E de amabres mozos  
Na doce compaña  
Beber, e cantar  
Escollidas cántigas;  
Pero mais me gusta,  
Con lindas rapazas  
O adivirtimento,  
E levar con gracia  
De bellos jacintos  
A testa adornada.

Nen a negra inveja,  
Nen a torpe saña  
C'o sutil veneno  
Ja temor me causan,  
Que do peito meu,  
A pas que ora garda,  
A calumnia nunca  
Poderá turbal-a.

Sempre odiosas foron  
Pra míñ as ingratas  
Querellas e lides  
Que apenan as almas;  
Dos doces banquetes  
Desejo botal-as.

No medio do corro  
De mozas, as cántigas  
Escolher eu quero  
E regel-as danzas;  
Quero levar sempre  
Vida regalada.



## XLIII

## A UNHA CIGARRA

---

Felis, oh tí, cigarra  
Que gustas da orvalleira,  
E sobre da oliveira  
Entoas teu cantar.

Es reina, que do campo  
Os frutos pra tí son:  
Están á tua eleición  
Cantos podes ollar.


Amada es do labrego  
Que sega a loura espiga,  
Que nunca a sua fatiga  
En odio fai trocar.

Todos te adoran cando  
O estío se aviciña,  
Que por tí se adiviña,  
Gozando en te saudar.

Das Musas es amada,  
Tamén Febo te adora,  
Que de unha vos sonora  
Praceulle te dotar.

Non envelentas nunca,  
Sostente a madre antiga,  
Dos eantos tan amiga  
Que desterra o penar.

Parece que teu corpo  
Sangue nen carne ostenta:  
De dôs estás eisenta.  
Dos numes es ao par.



XLIV


DE UN SOÑO

---

Eu soñei que voaba  
E iba do amor fugindo,  
Que con zocos de prome  
Seguíame malino,  
E que antes de meterme  
Dentro da casa ¡ai mísero!  
Perto de míñ ja estaba  
No medio do camiño.

¿Qué quer decir tal soño,  
Que ainda non mo esprico?

¿Tal ves indicarame  
Que de amores sen tino  
Eu puiden me ver libre,  
E que en van me fatigo  
Se cuido do presente  
Que irei tamén saindo?



## LXV

## DAS FRECHAS DE AMOR

Un dia Vulcano  
Nos antros de Lemnos  
Facialle as setas  
Cuidoso ac Amor.  
As puntas, Ciprina,  
De mel iba untando,  
E Cupido as rega  
De amargo licor.  
Co a lanza pesada,  
Entre os seus, da loita  
Voltaba animoso  
O Nume guerreiro,

E vendo unha frecha,  
Se rindo, dicia:

—Facer mal non pode  
Que è dardo ligeiro.

Ao dito pungente,  
Responde Cupido:

—Pois cólleo e verás  
Cal é para tí.

Colleuno, e gran dôr  
O dardo lle daba,  
E fíjase en Venus  
Que doce sorri.

Daquela suspira;  
Despois dí á Cupido:

—Retira ¡ai! o dardo,  
Fatiga me dá.

—Non. Contigo quede,  
Reprica aquel Nume,  
Ja que así ó quixeché  
Pra ti n'hai piedá.

~~~~~

XLVI

DO AMAR

O amar e o non amar son cousa dura,
E sobre d'esto avanza
O mais duro, qu'é amar sen esperanza.
Gentileza, virtude,
Sentido, valentia,
Todo desprecia amor que do ouro solo
Seguindo vai a vía.
¡Malia aquél que primeiro do ouro fixo

A fatal descuberta!
Por él, en revoltixo,
Os homes andan, vínculos sagrados
Rompendo, sempre irados;
Por él o pranto se oi e a terra tinge
O sangue de vermello;
E por él ¡ai! ó que é pior ainda
Dos bós amantes a esperanza finda.




XLVII

DE UN VELLO

Prácheme o vello animado
Cal o mozo,
Alegre, vivo, que á danza
Correr noto.
Será vello, non ó dudo
Pol-o pouco
Cabelo que na cabeza
Ja lle atopo;

Pero cando está un anciano
Tan fogoso,
Él terá branco o cabelo,
Canso o corpo,
Mail-a ialma terá joven
Coma un mozo.



XLVIII

DE UN CONVITE

Daime de Homero
A doita lira,
Mais non co a corda
Que ao sangue tira.

Daime dos vasos
Que ainda permite
A sacra leise
Para o convite.


Valeiros quero
Presto os deixar,
E logo ao baile
Me encamiñar,
E ao son da lira
Probar, fervente,
Soltal-o canto
Jocosamente.



XLIX

A UN PINTOR

Oh tí, pintor compracente,
Anima a lírica musa
Co a gracia da miña avea,
E da vila, alegre turba
Que con báquicos festejos
E son de frautas se aturda,
Píntame; e se tanto pode
Facer na cera a arte tua,
Dos bos amantes os ritos
Poñerlle tamén procura.



L

DE BACO

Já retorna o Diós tebano
E de nos descende cerca,
Facendo esforzado ao mozo
Nas obras e mais no amor.

Él fai acordal-a danza,
E na man a copa trae
que ao ebrio tanto lle alegra
E enche o peito de duzor.

Baixo da parra vizosa,
Nas roxas uvas fechado,
Ten das vidres o escollido
E suavísimo licor.

Cando a ben lograda piña
O aldeano cortar soe,
Entre bailes e entre jogos,
Quer que se lle faga honor.

Quer que sano o corpo reste
Hastra que volva outro Outono,
Quer que a ialma viva presa
De unha grata turbación.

LI

DE UNHA IMAGE DE VENUS

¿Quén esculpiu o azul Ponto?
¿Qué genio, sobre este disco,
A estendel-as craras ondas
Se atreveu con artificio?

¿Quén foi de estrela en estrela
Hastra penetrar no Olimpo,
Para dos dioses mostrarnos
A nai, das ondas saindo?

Ispida á nos él a espuxo,
 Pero deixando escondido
 Baixo das ondas aquelo
 Que non debe de ser visto.

Ela sai das limpas augas
 Sobrenadando no abismo
 Cal a xebre, e pracenteira
 Embellece o mar tranquilo.

Sobre do seo nevoso,
 E baixo o pescozo lindo,
 Pasa a onda, respetosa,
 C'o seu furor reprimido.


A brancura dos seus nembros
 No mar ostenta o seu brilo,
 O mesmo que a branca flor
 Entre violas lucindo.

Amoriños mintireiros,
 E de frechas ben provistos,
 En saltadoras touliñas
 A preceden no camiño.

E van inspirando aos homes
 Marañas e rebolicios,

Se burlando dos amantes,
E sorríndose malinos.
Sai da sua mansión algosa
Alegre o gado mariño,
E retouzando acompaña
Á diosa facendo círcos.





LII


DO VIÑO

Os mozos e as doncellas
En cestas cuguladas
Van as logradas uvas
Levando pr'a tinalla.

E alí, c'os pes, os homes
Airosos as esmagan,
Facendo que o seu zume
D'elas correndo salia.

Ao nume da vendima
Coros alegres cantan,
En tanto o seu licore
Agurgulla nas ánforas.

Se avén que un debil vello
D'él bebe sen ter tasa,
Tembrón e sacudindo
As suas guedellas brancas,
Esquencido dos anos,
Alegremente baila.
Pero cando un fogoso
Mocete se embriaga,
Á linda rapaciña
Que o corazón lle inframa
Procura cando o sono
Do cansacio a restaura,
A desperta e pretende
Con mélidas palabras;
Se ve que desdeñosa
Aos rogos non se abranda,
O seu vigor emprea
Para poder logral-a,
Que á vontade de Baco
A resistencia è vana.



LIII

DA ROSA

Con a amabre estación que é nai das flo-
Cantemos en louvor da bella rosa. [res,
A rosa, amigo, ten de Dios un sopro
E regocixa sempre as almas nosas,
E cando a estación de amores chega
As sedutoras Gracias ela adorna.
Con ela joga Venus, e as castalias
Hirmás por favorita flor a toman.


Ela é dos cantos un eterno oujeto
 E o estro animador do vate esforza.
 ;Con que gusto a collel-a nos baixamos
 Sen cuidar das espiñas que o pé conta!
 ;Con que gusto a levamos entre as maos!
 ;Con que pracer a ulimos, ou de croa
 Poñemos no cabelo! E no'hai banquete
 Onde sobre da mesa no'esté posta,
 Sonrosados das ninfas son os brazos,
 E rosados os dedos ten a aurora.
 Rosada chama o vate a Citerea
 Nas canciós bellas que en honrala entoa.
 A rosa cura enfermos, e hastra as tumbas
 Embalsama sua esencia deliciosa
 Que ao tempo vencer soe, e sempre garda
 O seu arrecender co a mesma forza.

Agora vos direi cal foi o orige
 D'esta flor tan docisima e preciosa.

Cando Cipris nasceu da salga escuma;
 Cando saliu armada, espantadora,
 Da cabeza de Jove a diosa Palas;
 Germinou a roseira vigorosa
 As planuras e campo embellecendo
 Cunhas bótas e ramas mui vizosas.

Os numes c'o seu neitar a regaron,
E sobre das espiñas, fachendosa,
Purpurina e mais fresca, alevantouse
A flor con que o Teban moito se folga.






LIV

DE SÍ MESMO

Se de festivos mozos
Alegre fato vejo,
Me sinto remozado
E da vellés me esquenzo,
E ás danzas, velocísimo,
En ir son o primeiro.
Espera, tí, Cibeles;
Trai rosas, que ansias teño

De cinguirme con clas
Meu cañudo cabelo,
Que así a vellés incómoda
Eu vou entretencendo,
Cal mozo c'os mais mozos
Bailando cal deseio;
Que o outonal das viñas
Grato licor rendendo
Me vai, e restaurando
Os bríos d'este vello;
Vello que doces cántigas
Repite sobre o plectro,
E sabe entusiasmarse
Gracioso en de bebendo.





LV

DOS AMANTES

Aos poldros ponse na anca
Unha siñal con fogo,
E os Partos pol-a mitra
Distinguense de todos.

Así eu nun istante
Aos amantes conozo,
Que un sino que os delata
Levan sempre no rostro,
Do que no peito teñen
Gardado, oculto fogo.





LVI

DA VELLÉS

As forzas ja me faltan
E atopo mui cañuda a cabeleira.
Acanéanme os dentes,
E non a juventude lisongeira
Me está na alma sorrido,
É que esta doce vida
¡Ai! pouco á pouco vai de mia fugindo!
Por eso choro e tremo
Pensando nos horrendos

Cabozos infernás. ¡Ah, qué terrible
Ao Tártaro é descer! Por mil caminos
Pode ao Oreo descerse
Mais nunca por ningún ja d'él volverse.




LVII

DE SÍ MESMO

Trai presto, rapaciño,
Aqueles grandes vasos,
Que valeirar eu quero
O meu de un solo trago;
Pero antes, con des copas
Procura ires mescrando
Outras cinco de viño,
Do millor e mais rancio;
Que así tal ves matemos
Os ardores de Baco.

Oiche, lindo mozo?
Traime, ai, traime outro vaso,
Mais d'aquel mesmo viño
Para beber de un trago;
E non cál os escitas
Bebamos barullando,
Senón con mui bos modos
Entre os alegres cánticos.




LVIII

A DIANA

Oh filla de Jove, das feras terror;
Señora das selvas, o voso favor
Humildes pedimos: os rogos ouví.
Ai, ven que, afrigida, na vila habitada
Á beira do Lete por gente esforzada,
Amabre, inocente, suspiran por ti.

Os rogos aeolle, benigna, oh gran diosa:
De culpas eisenta, non é criminosa,
Ne'á un pobo salvage che toca acudir.






LIX

A UNHA ÉGOA

Por qué tes para mí
Esa torva mirada,
E por qué así me foges
Égoa nova da Tracia?
Ja cuidas que non podo
Punil-a tua arrogancia?
Pois sabe dende hoje
Canto engañada estabas,

E cuida non te enfrée,
E âs carreiras levada,
Che faga dar no círculo
Centos de voltas rápidas.

Agora apastas libre
Nos prados, mui ufana,
Por falta do ginete
Que te ha de virár maina.



LX


EPITALAMIO

Formosa Venus que nos dioses reinas;
Amor que mandas nos mortales peitos;
Doce Himeneo, do vivir a garda;
Cantando vos celebro.

Á aquela mira que felis farate,
Míraa, oh fillo, tarda para o leito;
Pra collel-a perdis, cuida non fuja,
Non foja en van o tempo.

Caro Estratoles ven, ven á Mirila,
Mira canto en si ten junto de bello;
Ten o vizor das flores, ten no rostro
D'amor vivos destellos.

Cal das flores no medio reina é a rosa,
Tal Mirila das virges é no medio.
Entre os praceres que pra vos cuidoso
Ora busca Himeneo,
A lus do sol, autor de forte prole
Ao mol tálamo teu vaia eu direito,
E un cipreste che creza, vigoroso
No arreuento de Venus.




LXI

DA PRIMAVERA

Cando co as herviñas tenras
En Abril verdean os prados,
É tan bello como grato
Pol-os cāmpos o pasiar.

Mentres o hálito do céfiro
Lisongeiro na herva mol
Vai vicando tras da flor,
Fai a Natura acordar.

¡Canto atrai doce o ramage
De que a vidre se coroa
Sobre do outeiro, pomposa,
Que o ollo goza en remirar!
¡E canto á sombra sentados,
Co a dona do corazón,
Alegremento, de amor,
Ali á solas parolar!




LXII

DO OURO

Cando foge infidel, inconstante,
Con rápida pronta,
De min o ouro, non cuido segui-lo;
¿Por él quén se afana?
¿Quén é o tölo que segue á un tirano
De tanta puxanza?
Pensamentos que a pas nos arrouban
Ven longe se vaian.
Millor quero da lira amorosas
E doces tonadas

Arrincare en louvanza d'aqueles
Que afecto me gardan.
El, volvendo, me atenta guiando
A ibrece enganosa,
E non cuida que o peito cal d'antes
Recházao agora,
E pretende, teimoso, vencerme
Botándose a conta
De aleixarme aquel plectro sonoro,
Que á man non me volva.
Oh, malvado metal mintireiro!
En van te fatigas,
En van do erro, do engano, procuras
Cimbrarme na via;
Éme grata, mais grata e amada
Que ti miña lira,
Que responde de amor doces versos
Con meiga armonía.



LXIII

A APOLO

Vou á tangel-a lira
Agora c'os meus émulos,
Por mais que non se atopa
Inda o certame aberto,
Porque do bon cantor
Está no pensamento.

Farei que a lira miña
Acorde de mil geitos,
Espallando nos ares
Meus docísimos versos,

Cal cisne do Caistro
Cando as áas batendo,
A seu compás vai dando
Ao vento seus gorgeos.

Que si o trípode antigo,
A cítara e loureiro,
Se consagran, oh Musa,
Cal ornamento á Febo,
D'él o amor e esperanzas,
Agora eu cantar quero,
Con que á unha ninfa pura
Estuvo pretendendo,
E como, por fugirlle,
De folla e casca á eito,
Cal álbre, ela se cobre
E tórnase loureiro;
E como o dios ainda
Levado pol-o afecto,
Cuidando de bical-a
Bicaba o tóro tenro.




LXIV

DO OURO

Ti volviche con dolo, incostante
Ao fillo de Venus;
Ti tornache venás e serviles
Da lira os acentos;
Ti turbaches as cenas ridentes
Golsando veneno,
E do labio gentil profanache
Os mais doces beijos.
Vaite, indino, e'os tracios perjuros;
Vai, que cu non te quero.

Ali podes turbarllel-o acougo,
Façcr teu asento.
Non esperes que a lira abandone;
As musas non deixo:
Van traballo te tomas se agárdas
Lles negue o afecto;
A outros leva o encanto que aos miserios
Seduz lisongeiro.
Sen ti vivo contento e ditoso,
E nada apetezo
Mais que a gloria, o amor, e da lira
Os doces acentos.



LXV

DE SÍ MESMO

De onde ven que hoje eu sinta
Turbado o pensamento?
Toma o arco e que vaian
Vibrando os dardos teus
À meta, que trunfante
Partir te verei presto.

Mais qué fas? O arco deixa,
Deixa o arco de Venus

E vai asemellando
Ao bon ancian de Teos,
E entre garridos mozos
Brinda a copa dos versos,
E goza do seu neitar
Á sombra te poñendo.




LXVI

A CUPIDO

Oh, nume poderoso,
Amor, que o mundo reges,
Con quen Venus e as ninfas
Nos montes jogan sempre;
Oh, santo nume Idalio,
Os vctos meus atende
E fai que o bello Cleóbulo
O meu cariño acepte.






LXVII

AMOR DESDEÑADO

Cupido o de dourados
E brilantes cabelos,
Lanzándome unha bola
Presto me pon no enredo
De jogar c'unha nena
Da ben fundada Lesbos,
E que gasta sandalias
Dos tintes mais diversos;

Pero ela, despreciando
Meu cañudo cabelo,
A incrínacion dirige
Para lindos mancebos.





ÍNDICE

-•-•-


	Pág.
ADICACIÓN	VII
FROEMIO	XI
Á sua lira	3
Das mulleres	5
Amor mollado	7
De si mesmo	11
Da rosa	13
O convite	15
Do amor	17
De un soño	19
A unha pomba	21
O Cupido de cera	25
De si mesmo	27
A unha anduriña	29
De si mesmo	31
Do amor	33


Pág:

De si mesmo	35
De si mesmo	37
De un vaso de beber	39
Do mesmo assunto	41
Do beber	43
A unha rapaza	45
De si mesmo	47
A Batilo	49
Da enbiza	51
De si mesmo	53
De si mesmo	55
De Baco	57
De Baco	59
O retrato da sua dona	61
Ao pintor que retrata á Batilo	65
O amor cantivo	69
De si mesmo	71
Dos seus amores	73
A unha anduriña	77
A unha nena	79
De Europa	81
Da felicidade	83
Da Primavera	85
De si mesmo	87
De si mesmo	89
O amor picado por unha abella	91
De un convite	93
De si mesmo	97
A unha cigarra	99

Pág.

De un soño	101
Das frechas de amor	103
Do amar	105
De un vello	107
De un convite	109
A un pintor	111
De Baco	113
De unha image de Venus	115
Do viño	119
Da rosa	121
De si mesmo	125
Dos amantes	127
Da vellés	129
De si mesmo	131
A Diana	133
A unha égoa	135
Epitalamio	137
Da Primavera	139
Do ouro	141
A Apolo	143
Do ouro	145
De si mesmo	147
A Cupido	149
Amor desdenado	151






NO T A :

*Na Oda LVII (pág. 131), onde
di:*


Pero antes, con des copas
Procura ires mescrando
Outras cinco de viño,


Léase:

Pero antes, á des copas
De auga, lles vai mescrando
Outras cincos de viño,



Na cibdá da Cruña, capital de Galicia,
e na emprenta e libreiria de Carré,
Real 30, acabouse d'emprentar
este librifio, sesta feira 18 do
mes de San Juan do ano
M D C C C X C V I I





50

